



Dende a dirección do IES de Viós queremos trasladar ás familias varias reflexións sobre estes catro meses de clase dun ano amargo, moi duro, e que, desgraciadamente, todos/as lembraremos durante moito tempo.

UN CURSO MOI COMPLICADO

Dende o inicio, este curso está sendo moi duro para todos/as: alumnado, profesorado, familias, persoal de limpeza e persoal administrativo, absolutamente, para toda a comunidade educativa.

Os alumnos/as chegaron en setembro logo de sete meses nos que estiveron fisicamente afastados do seu centro educativo e, en consecuencia, tras unha alteración importante da súa dinámica habitual: clases presenciais, organización das tardes, hábitos de estudo... que se viron totalmente cambiados e alterados.

Dende o primeiro momento, isto resultou evidente e seguiu notándose ao longo de todo este primeiro trimestre de curso. Recuperar as dinámicas de estudo e traballo propias dun estudante e retornar á normalidade é unha tarefa complexa que, en xeral, lles está custando, aínda que, con traballo, estase revertindo esta situación e imos polo bo camino. Aínda quedan dous trimestres e confiamos en que, pouco a pouco, todos/as recuperarán o sentido da responsabilidade que, como estudantes, tiñan e deberán ter. Esta situación afectounos a todos e todas dalgunha maneira (tanto no ámbito laboral, coma no persoal), polo que como non lles ía afectar aos nosos estudantes á súa idade!

A incertidume ante un posible contaxio e as súas consecuencias; as estrictas medidas de prevención; o seguimento dunha normativa que constantemente foi mudando e segue a facelo creando, ás veces, máis confusión que seguridade e as normas de convivencia que se tiveron que implantar no centro para adaptarse a estes protocolos xeraron unha situación nunca experimentada por ningún de nós.

A distancia física obrigada entre as familias, o profesorado e o centro; a necesidade de ventilar todos os espazos do instituto; o frío do inverno nunhas aulas nas que a posibilidade de empregar a calefacción vese reducida ... todo isto fai que, evidentemente, este curso sexa o máis especial, o máis duro, diferente a todos os vividos con anterioridade e, desexamos, diferente a todos os que nos tocará vivir.

Dende o centro traballamos arreo para normalizar o que é imposible normalizar. Nun contexto de respecto, máis que de medo ás novas diarias, aos contaxios, aos falecementos, a nosa prioridade foi, e será tratar de garantir a seguridade de todos/as. Por iso, procuramos achegarnos ás familias todo o que puidemos e soubemos, con erros e con acertos, sen dúbida, mais con moito esforzo e dedicación e co claro obxectivo de que o centro educativo sexa un lugar o máis seguro posible.

Por iso, queremos agradecer especialmente a axuda e o sentido da responsabilidade das familias que contribuíron a que rematemos este primeiro trimestre poidendo dicir que o impacto da Covid-19 no noso centro foi nulo ou residual. Esta é a mellor das novas que

poderíamos ter. Este balance positivo danos confianza na comunidade o que nos permite poñer o foco de atención na marcha académica dos nosos alumnos/as dunha maneira máis tranquila. Isto non quere dicir que, cando nos reencontremos en xaneiro, á volta do Nadal, nos vaiamos relaxar. Ao contrario: lembraránse de novo as normas de seguridade do centro e deberemos estar moi pendentes do seu cumprimento, mais, polo de agora, estamos nun momento no que debemos felicitarnos e recoñecer que este primeiro trimestre pasouse con nota e que todos e todas somos partícipes deste pequeno gran éxito.

Dende a Dirección do centro, neste ano tan arduo, non queremos deixar pasar esta oportunidade, ao inicio dun nadal tan estraño coma o día a día, de enviarvos ás familias unha gran aperta coa que pretendemos transmitir todo o noso afecto e a proximidade que nos está negada nestes tempos de pandemia. Neste vindeiro ano 2021 seguiremos facendo dos vosos fillos e fillas a nosa prioridade e velando tanto polo seu coidado coma pola súa formación porque nela está o seu futuro. Contamos coas vosas opinións e coa vosa axuda neste camiño.

Desexámosvos que pasedes unhas felices e responsables festas.

A Dirección do IES de Viós.